XUNTA DE GALICIA
Colexio Público de Infantil e Primaria
"HUMBERTO JUANES"
Rúa Curros Enríquez, nº 2 (Vilamean)
36350 Nigrán
886110378 -- 886110379
E-MAIL ceip.humberto.juanes@edu.xunta.es
WEB http://www.edu.xunta.es/centros/ceiphumbertojuanes

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO:

1º

ANO ACADÉMICO:

2020/2021

# ÍNDICE

**1. CONTEXTO ……………………………………………………………………… 3**

**2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN……………………………………… 5**

**3. METODOLOXÍA PRESENCIAL…………………………………………………... 8**

**4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL ……………………………………….... 11**

**5. AVALIACIÓN ……………………………………………………………..………. 11**

**6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO**

**DAS COMPETENCIAS CLAVE ………………………………………………….. 18**

**7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE ….. 21**

**8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ……………………...….... 22**

**9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ……………………………………………..…. 23**

**10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ……..…….. 24**

# 1. CONTEXTO

## • CENTRO:

**Situación:**

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

**Centro adscrito:**

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

**Ensinanzas que oferta:**

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Eduacación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católotica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

**Características singulares:**

**Progaramas nos que participamos:**

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Titoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- ALUMNADO

**Poboación inmigrante:**

Este curso académico incorporáronse alumnos/as de Uruguai e de Bulgaria. Xa estaban no centro alumnos/as de procedencia uruguaia e tamén de orixe chinesa.

**Alumnado con NEAE no curso actual:**

Preséntanse alumnos/as con TDAH, primando o déficit de atención; alumnado con TEA e tamén alumnos/as con dificultades específicas no aprendizaxe (dificultades na lectoescritura principalmente). Tamén hai diagnósticos de dislalias e TEL.

**Outras características:**

Nas dúas liñas de 1º de EP contamos con 25 alumnos/as por aula.

Contamos coa axuda do DO para a avaliación de todas as dificultades do alumnado e o seu seguimento e apoio. Ó tratarse do 1º curso da EP o diagnóstico e comezo de adaptación das medidas de carácter ordinarias, ou extraordinarias de ser preciso, é primordial e precisa unha continua revisión.

- OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

### 2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

No curso 19/20 non quedaron estándares imprescindibles sen traballar/acadar, pois ademais contamos cun cambio de etapa o que conleva un cambio na lexislación. Nesta área debemos acercar ó alumnado a desenvolver a súa competencia motriz a través do traballo dos 6 bloques de contidos que posúe a área.

| UD<br>TEMA<br>PROXECTO | CONTIDOS (B1.1) | CONTIDO | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| | **BLOQUE *** | TIPO DE CONTIDO | Mes - Nº de sesións |
| **MELLORO A MIÑA CONDICIÓN FÍSICA:** | B1.1.<br>B1.2<br>B1.3.<br>B1.6<br>B1.7<br>B1.8.<br>B2.1.<br>B2.2.<br>B2.5<br>B3.4<br>B3.5.<br>B3.6.<br>B5.1<br>B5.3.<br>B5.4<br>B5.5.<br>B6.1 | Resistencia, axilidade, velocidade, flexibilidade | outubro 1<br>novembro 1<br>decembro 1<br>xaneiro 4<br>febreiro 1<br>marzo 3<br>abril 1<br>maio 5 |
| **MELLORO AS MIÑAS HABILIDADES:** | B1.1.<br>B1.3.<br>B1.6<br>B1.7<br>B1.8.<br>B2.1.<br>B2.2.<br>B2.6.<br>B3.1<br>B3.3<br>B3.5.<br>B3.6.<br>B5.1<br>B5.2.<br>B5.4<br>B5.5. | Desprazamentos, saltos, xiros, equilibrio, botes, coordinación óculo manual e óculo pedal | outubro 2<br>decembro 2<br>xaneiro 4<br>febreiro 6<br>marzo 1<br>abril 3<br>maio 2<br>xuño 3 |
| **DESCUBRO O MEU CORPO** | B1.1.<br>B1.7<br>B1.8.<br>B2.1.<br>B2.3<br>B2.4<br>B2.7.<br>B2.5<br>B2.8.<br>B2.9.<br>B5.1<br>B5.2.<br>B5.4 | Percepción espacial, percepción temporal, percepción corporal, lateralidade | outubro 3<br>novembro 1<br>decembro 1<br>maio 1 |
| **COMUNÍCOME CO MEU CORPO** | B1.1.<br>B1.2.<br>B1.4.<br>B1.5. | Ritmo, imitación, representación | outubro 1<br>marzo 2 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | B1.8.<br>B1.7<br>B2.5<br>B3.6.<br>B4.1<br>B4.2.<br>B4.3.<br>B4.4.<br>B4.5.<br>B5.1<br>B5.4 | | |
| **OS XOGOS: DESCUBRO OS XOGOS E OS DEPORTES DE EQUIPO** | B1.2.<br>B1.3.<br>B1.6<br>B1.7<br>B1.8.<br>B2.1.<br>B2.2.<br>B3.4<br>B3.5.<br>B3.6.<br>B5.1<br>B5.4<br>B5.5.<br>B6.1<br>B6.2<br>B6.3<br>B6.4<br>B6.5. | xogos predeportivos alternativos e pouco regrados de voleibol e baloncesto. Floorball. Xogos de cooperación e confrontación. | outubro<br>1<br>novembro<br>6<br>decembro<br>2<br>febreiro<br>1<br>marzo<br>4<br>abril<br>1<br>maio<br>4 |
| **OS XOGOS: DESCUBRO OS XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS** | B1.2.<br>B1.3.<br>B1.4.<br>B1.7<br>B1.8.<br>B2.2<br>B3.5.<br>B3.6.<br>B5.1<br>B5.4<br>B5.5.<br>B6.1<br>B6.2<br>B6.3<br>B6.4<br>B6.5.<br>B6.6.<br>B6.7.<br>B6.8. | Xogos tradicionais e populares, xogos regrados e pouco regrados | novembro<br>1<br>xaneiro<br>1<br>febreiro<br>2 |

## 3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- ### Aspectos xerais:

De acordo ó currículo da educación primaria, os aspectos xerais a seguir na metodoloxía desta área e de todas recóllense no artigo 15 do Decreto 105/2014:

- Especial **atención á diversidade e á detección de dificultades** de aprendizaxe, para aplicar mecanismos de reforzo (organizativos ou curriculares).

- **Participación activa e inclusiva**, dirixida ao logro das competencias clave.

- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa **vida real** e, en relación á **Teoría das intelixencias múltiples**: adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se enfrontar a novos retos.

- Deseño e posta en práctica de **actividades de aprendizaxe integradas**, que permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo e traballando con distintos bloques de contidos á vez.

- Aprendizaxe partindo da **manipulación**.

- Aprendizaxe **cooperativa**: propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.

- **Aprender a pensar**: mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de "pensar". O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa **resolución de problemas da vida real**.

- Levaremos a cabo o **Proxecto de Centro** "O camiño de Santiago".

- ### Estratexias metodolóxicas

**Ao longo do curso empregaranse os seguintes estilos de ensino:**

- **Mando directo:** O mestre leva o control dá sesión, debendo os alumnos responder aos estímulos que se lle expoñen. O seu esquema é:

**EXPLICACIÓN - DEMOSTRACIÓN - EXECUCIÓN - AVALIACIÓN**
Caracterízase pola disciplina, as disposicións xeométricas e as respostas ao unísono. O docente establece os obxectivos, orde, execución, e observa as accións do alumnado. Baséase na imitación dun modelo. Procuraremos non empregar este estilo de ensino, aínda que en ocasións é necesario, cando necesitemos a imitación do modelo.

- **Asignación de tarefas:** é un estilo moi similar ao anterior, pero neste caso, o mestre explica o que hai que facer e o alumno/a escolle o momento de comezar a tarefa, o ritmo, o número de repeticións. A avantaxe

deste estilo de ensino é que respecta o principio de individualización xa que a tarefa axústase ás posibilidades de cada un, resultando un estilo moi motivador.

- **Ensino recíproco:** o alumno/a pasa a ser mestre/a de maneira que informa, ensina e corrixe aos seus compañeiros/as.

O docente decide as tarefas e exercicios que se van realizar e só debe de corrixir aos observadores (o alumno/a que fai de docente).

- **Descubrimento guiado:** proponse unha tarefa que o neno/a debe resolver, existindo unha única solución. O profesor/a guía a consecución de obxectivos e o alumno debe investigar baseándose nas súas indicacións encontrando así una solución que lle pertenza.

O mestre/a irá guiando paulatinamente o alumnado a través de preguntas que o dirixirán cara a solución correcta.

- **Resolución de problemas:** moi similar ao estilo anterior, pero a diferenza fundamental é que non hai unha única solución, senón que existen varias e é válida calquera coa que o alumno/a dea resposta ao problema exposto. É un estilo moi motivador e facilita a adquisición de aprendizaxes significativas. Tamén utilizaremos preferentemente este estilo de ensino.

- **O xogo** non está considerado propiamente un principio metodolóxico, pero si un recurso metodolóxico moi indicado para conseguir os obxectivos propostos dunha forma lúdica e pracenteira a calquera idade, e moito máis en Educación Primaria, polo que o utilizaremos o longo de todas ás unidades didácticas.

Mediante ou xogo, pódense adquirir hábitos, actitudes e valores de <u>ecoloxismo</u> (xogos na natureza), para a <u>paz</u> (xogos cooperativos), de <u>coeducación</u> (xogos non sexistas).

- Exemplo de secuenciación de traballo na aula

- Principalmente levaremos a cabo o modelo de sesión de Santos Berrocal

| MODELO DE SESIÓN DE SANTOS BERROCAL | | |
|---|---|---|
| **Fase** | **Duración** | **Contido** |
| **Información e Animación** | 11/12 min | Nesta fase búscase preparar ao alumno/a física, psíquica e socialmente para o desenvolvemento da sesión, ademais evitaremos posibles lesións |
| **Parte principal** | 30 min | É a parte máis importante da sesión xa que é a fase de logro de obxectivos. Para conseguir estes obxectivos utilizaranse os contidos e as tarefas estarán relacionadas con estes obxectivos. |

| | | |
|---|---|---|
| **Volta á calma** | 5/7 min | Xogos que favorecen a recuperación tras o esforzo físico e psíquico da parte principal. Preténdese que o alumnado recupere o estado emocional de antes de empezar a sesión para afrontar a seguíante clase. |
| **Análise dos resultados** | 2/3 min | Fase de reflexión co alumnado achega da sesión e tamén serve de auto valoración sobre a nosa actuación e a consecución de obxectivos. |

- Outras decisións metodolóxicas:

Seguiremos uns **principios metodolóxicos básicos**:

- **Reforzo positivo**: a motivación propiciará unha sensación de éxito e confianza mediante o coñecemento dos seus

progresos e os eloxios por parte do mestre/a.

- **Progresión:** Hai que seguir unha progresión de exercicios; é dicir, ir do fácil o difícil, sinxelo ao complexo.

- **Intensidade:** Os estímulos serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados.

- **Transferencia**: Cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón de outros movementos aprendidos anteriormente.

- **Intereses**: Os exercicios prateados aos/as alumnos/as deben estar de acordo cos intereses e necesidades de estes, para lograr un aprendizaxe significativo.

- **Individualización:** Hai que respectar as características morfolóxicas, fisiolóxicas e funcionais de cada neno/a. Cada un "é como é". Por iso á hora de avaliar se ten en conta a actitude e a aptitude.

- Agrupamentos:

Neste curso académico primará o traballo individual e, ó realízalo en pequenos grupos teranse en conta as medidas recollidas no protocolo COVID, polo que a contribución de cada neno/a a un traballo grupal será realizado tamén de xeito individual.

- Tempos:

De xeito xeral contamos con dúas sesións semanais. No plano da temporalización das tarefas destaca a realización de actividades de ampliación para adaptar os tempos de traballo do

alumnado. Isto é, dentro dunha mesma tarefa recolleranse actividades non de tipo imprescindibles, pero si con carácter profundizador na adquisición de competencias e estándares para aquel alumnado que o precise. Deste xeito, pola outra banda, primarase o respecto dos tempos de traballo para aqueles alumnos/nas que o precisen en maior medida para o correcta realización da tarefa.

- Espazos:

De xeito xeral as actividades desenvolveranse no ximnsio e patio do colexio e, en momentos puntuais, realizaranse en outros espazos do centro.

## 4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

En caso de confinamento por parte dun alumno ou dun grupo, destácase:

- Plataforma de ensino:

Empregarse como plataforma de ensino a Aula Virtual de formato Moddle do centro. Os nenos/as terán unha categoría específica de acceso á área de plástica na que poderán seguir a docencia desde a distancia. Na titoría xa se están acostumando ó seu uso desde as aula.

- Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:

Para as videoconferencias empregaremos a plataforma CiscoWebex.

- Plataforma/medio de comunicación coas familias:

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica..

- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:

No caso de empregar a educación virtual, o alumnado con conectividade accederá á plataforma da Aula Virtual, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento. Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, enviando arquivos a través da modalidade “tarefa”.

- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:

O alumnado sen conectividade non ten acceso a vídeos na súa versión Offline, polo cal se lle farían chegar outro tipo de materiais (fotocopias) e, de ser posible, enviaríanselle ás familias ligazóns a videotitoriais a través do correo corporativo, que poderían visualizar nos seus teléfonos móbiles.

## 5. AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN INICIAL

**Data prevista de realización:**

Ao longo das 2 primeiras semanas de clase faise unha observación directa das destrezas adquiridas polo alumnado no referido ós seus coñecementos previos e destrezas na áreas.

**Tipo de proba (descripción):**

Mediante a observación directa

**Mecanismo para informar ás familias:**

A través da titora transmitirei a información ás familias en titorías individualizadas.

**Consecuencias dos resultados das probas:**

O observado servirá para coñecer as destrezas e coñecementos a reforzar e o punto de partida do alumnado, así coma os diferentes niveis do grupo clase.

- AVALIACIÓN CONTINUA

**Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)**

Nesta área se avaliará de xeito independente cada tema/unidade. As probas realizaranse no desenvolvemento de todo o trimestre.

**Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo…)**

Os traballos cualifícanse a través de lista de control/cotexo, caderno de clase/portfolios, proba obxectiva e rúbricas.

**Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información**

A avaliación levarase a cabo empregando instrumentos como listas de control, rúbricas, observación directa, portfolios… Tendo como guía a adquisición dos estándares de aprendizaxe recollidos nesta programación.

**Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)**

A ponderación dos estándares recóllese no seguinte apartado. O redondeo será á alza se a calificación é de x,5. O grupo total de estándares supón o 100% da nota e, a súa agrupación en cada trimestre supón outro 100% de xeito específico para sito trimestre.

- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

| PERFIL DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA 1ºEP | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CRIT. DE AVAL.** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **% Peso no curso** | **TEMPORAL.** | | | **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **C.C.** | **TAREFAS / ACTIVIDADES TIPO / EXERCICIOS / PRODUTO FINAL** |
| | | | **1ª** | **2ª** | **3ª** | | | | |
| **BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA** | | **25%** | | | | | | | |
| EF-B1.1 | 1º-EFB1.1.1 – Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | 3% | X | X | X | Observación sistemática e rexistro anecdótico. | Participa nos xogos sen crear situacións conflitivas e cando aparece algún conflito solucíonao con comprensión. | CSC<br>CAA<br>CSIEE | Xogos: respectando os diferentes roles, as normas do xogo, os compañeiros/as, os materiais... |
| | 1º-EFB1.1.2 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. | 3% | X | X | X | Observación sistemática e rexistro anecdótico. | Acepta correccións do mestre/a ante condutas inapropiadas no xogo. | CSC<br>CAA<br>CSIEE | Xogos: respectando os diferentes roles, as normas do xogo, os compañeiros/as, os materiais... |
| EF- B1.2 | 1º-EFB1.2.1 - Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. | 1% | | X | X | Análise de produción dos alumnos/as e comprensión da busca. | Busca información sinxela e de forma guiada en internet sobre: regras moi básicas dos deportes, alimentación saudable, hixiene, condutas inapropiadas... | CD<br>CAA | Sesións na propia aula ou na aula de psico. Coordinar co titor/a para realizar as actividades. |
| EF-B1.3 | 1º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas. | 5% | X | X | X | Observación sistemática e rexistro anecdótico. | Ten unha actitude positiva nas diversas actividades realizadas. | CSC<br>CAA<br>CSIEE | Xogos e actividades diversas. |
| | 1º-EFB1.3.2 - Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | 5% | | X | X | Observación sistemática e escala de observación numérica. | É quen de rematar un circuíto de 4 estacións correctamente. | CSIEE<br>CAA<br>CCEC<br>CSC | Circuítos de habilidades. |
| | 1º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | 3% | X | X | X | Observación sistemática e rexistro anecdótico. | Trae o material necesario para o aseo e iníciase nos hábitos hixiénicos dentro do vestiario. É quen de asearse mans, cara, coxas e muda a camiseta. | CSC<br>CSIEE<br>CAA | 10´de aseo individual ao remate de cada sesión. |
| | 1º-EFB1.3.4 – Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. | 2% | X | X | X | Observación sistemática e rexistro anecdótico. | É quen de recoller o material da zona de traballo ao finalizar a clase coas indicacións do mestre/a. | CSC | Recollida do material. |
| | 1º-EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda. | 3% | X | X | X | Observación sistemática e rexistro anecdótico. | É quen de aceptar ao compañeiro/a que lle toca de maneira aleatoria. | CSC<br>CAA | Traballo en grupo: xogos. |
| **BLOQUE 2: O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN** | | **20%** | | | | | | | |
| EF-B2.1 | 1º-EFB2.1.1 – Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos/as da clase. | 5% | X | X | X | Observación sistemática e Escala de observación | É quen de aceptar o seu corpo. | CSC<br>CAA | Xogos. |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | descritiva. | | | |
| EF-B2.2 | 1º-EFB2.2.1 - Coñece e identifica as partes do corpo propias. | 5% | X | | X | Cuestionario oral con preguntas orais. | É quen de sinalar no seu corpo: cabeza e as súas partes (nariz, orellas, cellas..) ombros, brazos, barriga, costas, pernas, pés. | CAA CSC | Xogos propioceptivos. |
| | 1º-EFB2.2.2 - Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable. | 5% | X | | X | Observación sistemática e Lista de control. | É quen de manter o equilibrio estático nun banco sueco. | CAA CSC | Xogos propioceptivos, pilates e ioga, circuítos de equilibrio. |
| | 1º-EFB2.2.3 - Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos. | 5% | | | X | Observación sistemática e Escala de observación descritiva. | Recoñece sinais como o pitido, a voz ou a man para realizar un exercicio, dentro dunha tarefa máis completa. | CAA CSC CSIEE | Xogos espazo-temporais. |
| | **BLOQUE 3: HABILIDADES MOTRICES** | **20%** | | | | | | | |
| EF-B3.1 | 1º-EFB3.1.1 - Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. | 5% | | | X | Observación sistemática e Lista de control. | Proba a habilidade de desprazamento en situacións sinxelas e tamén sobre un apoio. | CAA CSC CSIEE | Circuítos, actividades varias. |
| | 1º-EFB3.1.2 - Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias. | 5% | | X | | Observación sistemática e Lista de control. | Proba a habilidade de salto vertical e horizontal e en ocasións perde o equilibrio. | CSC CCEE CAA | Circuítos, actividades varias. |
| | 1º-EFB3.1.3 – Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. | 5% | | X | | Observación sistemática e Lista de control. | Realiza a habilidade de xiro lonxitudinal, mostrando certo dominio e en ocasións mostra dificultades na orientación ao realizalo. | CSC CCEE CAA | Actividades diversas: o helicóptero, a croqueta, a peonza, etc. |
| | 1º-EFB3.1.4 – Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. | 5% | X | | | Observación sistemática e Escala de observación por categorías. | Supera situacións de equilibrio, demostrando nalgunhas destas situacións certo grado de control e axuste do tono muscular, da respiración e da relaxación. | CSC CAA CSIEE | Traballo coordinación xeral |
| | **BLOQUE 4: ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS** | **5%** | | | | | | | |
| EF-B4.1 | 1º-EFB4.1.1 - Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. | 2% | X | | | Observación sistemática e Escala de observación descritiva. | Identifica con dificultade o corpo e o movemento como fonte de expresión. | CCEC CSC CAA | Xogos do mundo. |
| | 1º-EFB4.1.2 - Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. | 2% | X | | | Observación sistemática e Escala de observación en categorías: iniciado, en proceso, consolidado | Esfórzase na reprodución de movementos coreográficos sinxelos e valora o produto final. | CCEC CSC CAA | Danzas do mundo. |
| | 1º-EFB4.1.3 - Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. | 1% | X | | | Observación sistemática e rexistro anecdótico. | Participa en bailes e danzas | CCEC CAA CSC CSIEE | Danzas do mundo. |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE** | | **10%** | | | | | | | |
| EF-B5.1 | 1º-EFB5.1.1 - Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. | 4% | X | X | X | Observación sistemática e rexistro anecdótico. | Aplica con regularidade, cometendo algunhas imprecisións, os principios básicos de aseo diario. Respecta o uso do vestiario. | CSIEE<br>CAA | 10´ de aseo persoal ao rematar as sesións. |
| | 1º-EFB5.1.2 - Adopta hábitos alimentarios saudables. | 2% | X | X | X | Observación sistemática e Rexistro anecdótico. Intercambios orais cos alumnos/as: Asemblea. | Explica oralmente, con orientación do mestre/a e compañeiros/as, principios alimentarios saudables. | CSC<br>CSIE<br>CAA | Debates e menú saudable no almorzo. |
| | 1º-EFB5.1.3 - Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria. | 2% | X | | | Observación sistemática e Rexistro anecdótico. Intercambios orais cos alumnos/as: Asemblea. | Explica oralmente, con orientación do mestre/a e compañeiros/as, a actividade física diaria como principio saudable. | CSC<br>CAA<br>CSIEE | Pequenos debates ao remate da clase sobre os beneficios saudables da sesión realizada. |
| EF-B5.2 | 1º-EFB5.2.1 - Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando. | 2% | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: poducións motrices. | Aplica, con dificultade, as normas de seguridade básicas, que van xurdindo nas diferentes clases. | CAA<br>CSC | Actividades e xogos variados con conciencia dos riscos que se poden producir. |
| **BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS** | | **20%** | | | | | | | |
| EF-B6.1 | 1º-EFB6.1.1 - Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos. | 4% | | X | X | Observación sistemática e Escala de observación en categorías: iniciado, en proceso, consolidado. | Resolve situacións motrices de compoñente lúdico demostrando (con dificultades) intencionalidade estratéxica. | CSC<br>CSIEE<br>CAA | Xogos. |
| | 1º-EFB6.1.2 - Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. | 4% | | X | X | Observación sistemática e Escala de observación en categorías: iniciado, en proceso, consolidado. | Mostra actitudes de axuda, colaboración e cooperación cos membros do grupo e respectando ocasionalmente acordos e normas establecidas. | CAA<br>CSIEE<br>CCSC | Xogos regrados adaptados á idade. |
| EF-B6.2 | 1º-EFB6.2.1 – Practica xogos libres e xogos organizados. | 4% | | X | X | Observación sistemática e Escala de observación en categorías: iniciado, en proceso, consolidado. | Participa en xogos organizados. | CCEE<br>CAA<br>CSC | Xogos. |
| | 1º-EFB6.2.2 – Recoñece xogos tradicionais de Galicia. | 2% | | | X | Observación sistemática e Rexistro anecdótico con Intercambios orais cos alumnos/as: posta en común. | Identifica certos xogos populares propios do noso lugar. | CCEC<br>CAA<br>CSC | Xogos. |
| | 1º-EFB6.2.3 – Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. | 2% | | | X | Observación sistemática e Escala de observación descritiva. | Participa nas diferentes prácticas lúdicas expresivas de Galicia coa axuda do mestre/a. | CCEC<br>CSC<br>CAA | xogos tradicionais de Galicia. |
| EF-B6.3 | 1º-EFB6.3.1 – Realiza actividades no medio natural. | 2% | X | | X | Observación sistemática e rexistro anecdótico. | Participa en saídas ao medio natural fóra do entorno do centro. | CSC<br>CAA | Ruta de sendeirismo polos entornos naturais próximos ao centro. |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º-EFB6.3.2 - Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro. | 2% | X | | X | Observación sistemática e rexistro anecdótico. | Participa e coida o medio natural fóra do entorno do centro. | CSC CAA | Ruta de sendeirismo polos entornos naturais próximos ao centro. |

- **CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:**

Seguindo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II

  - **CRITERIO NUMÉRICO:**

Con 1 materia non superada: Promociona

A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxico.

  - **CRITERIOS PEDAGÓXICOS:**

1-Nada de acordo

2- Pouco

3-Bastante

4- Moi de acordo

| CRITERIO | Non promociona | | Promociona | |
|---|---|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?* | | | | |
| 1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?* | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia…) vai favorecer que supere os estándares? | | | | |
| 3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática? | | | | |
| | Promociona | | Non promociona | |
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 4. Inciden causa emocionais no seu baixo rendimento? | | | | |
| 5. Está integrado no seu grupo? | | | | |
| 6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel? | | | | |

*

Adecuación da estructura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

## 6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

| Competencia Clave: | Aprender a aprender |
|---|---|
| Estándares | |
| 1º-EFB1.1.1 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | |
| 1º-EFB1.1.2 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. | |
| 1º-EFB1.2.1 - Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. | |
| 1º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas. | |
| 1º-EFB1.3.2 - Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | |
| 1º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | |
| 1º-EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda. | |
| 1º-EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase. | |
| 1º-EFB2.2.1 - Coñece e identifica as partes do corpo propias. | |
| 1º-EFB2.2.2 - Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable. | |
| 1º-EFB2.2.3 - Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos. | |
| 1º-EFB3.1.1 - Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. | |
| 1º-EFB3.1.2 - Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias. | |
| 1º-EFB3.1.3 - Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. | |
| 1º-EFB3.1.4 - Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. | |
| 1º-EFB4.1.1 - Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. | |
| 1º-EFB4.1.2 - Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. | |
| 1º-EFB4.1.3 - Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. | |
| 1º-EFB5.1.1 - Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. | |

| | |
|---|---|
| 1º-EFB5.1.2 - Adopta hábitos alimentarios saudables. | |
| 1º-EFB5.1.3 - Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria. | |
| 1º-EFB5.2.1 - Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando. | |
| 1º-EFB6.1.1 - Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos. | |
| 1º-EFB6.1.2 - Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. | |
| 1º-EFB6.2.1 - Practica xogos libres e xogos organizados. | |
| 1º-EFB6.2.2 - Recoñece xogos tradicionais de Galicia. | |
| 1º-EFB6.2.3 - Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. | |
| 1º-EFB6.3.1 - Realiza actividades no medio natural. | |
| 1º-EFB6.3.2 - Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro. | |
| Competencia Clave: | Competencia Dixital |
| Estándares | |
| 1º-EFB1.2.1 - Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. | |
| Competencia Clave: | Comunicación Lingüística |
| Estándares | |
| 1º-EFB1.2.1 - Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. | |
| Competencia Clave: | Conciencia e expresións culturais |
| Estándares | |
| 1º-EFB1.3.2 - Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | |
| 1º-EFB4.1.1 - Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. | |
| 1º-EFB4.1.2 - Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. | |
| 1º-EFB4.1.3 - Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. | |
| 1º-EFB6.2.2 - Recoñece xogos tradicionais de Galicia. | |
| 1º-EFB6.2.3 - Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. | |

| Competencia Clave: | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor |
|---|---|
| Estándares | |
| 1º-EFB1.1.1 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | |
| 1º-EFB1.1.2 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. | |
| 1º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas. | |
| 1º-EFB1.3.2 - Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | |
| 1º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | |
| 1º-EFB2.2.3 - Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos. | |
| 1º-EFB3.1.1 - Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. | |
| 1º-EFB3.1.4 - Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. | |
| 1º-EFB4.1.3 - Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. | |
| 1º-EFB5.1.1 - Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. | |
| 1º-EFB5.1.3 - Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria. | |
| 1º-EFB6.1.1 - Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos. | |
| 1º-EFB6.1.2 - Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. | |

| Competencia Clave: | Sociais e cívicas |
|---|---|
| Estándares | |
| 1º-EFB1.1.1 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | |
| 1º-EFB1.1.2 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. | |
| 1º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas. | |
| 1º-EFB1.3.2 - Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | |
| 1º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | |
| 1º-EFB1.3.4 - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. | |
| 1º-EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda. | |
| 1º-EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase. | |
| 1º-EFB2.2.1 - Coñece e identifica as partes do corpo propias. | |
| 1º-EFB2.2.2 - Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable. | |
| 1º-EFB2.2.3 - Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, | |

| |
|---|
| dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos. |
| 1º-EFB3.1.1 - Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. |
| 1º-EFB3.1.2 - Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias. |
| 1º-EFB3.1.3 - Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. |
| 1º-EFB3.1.4 - Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. |
| 1º-EFB4.1.1 - Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. |
| 1º-EFB4.1.2 - Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. |
| 1º-EFB4.1.3 - Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. |
| 1º-EFB5.1.2 - Adopta hábitos alimentarios saudables. |
| 1º-EFB5.1.3 - Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria. |
| 1º-EFB5.2.1 - Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando. |
| 1º-EFB6.1.1 - Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos. |
| 1º-EFB6.1.2 - Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. |
| 1º-EFB6.2.1 - Practica xogos libres e xogos organizados. |
| 1º-EFB6.2.2 - Recoñece xogos tradicionais de Galicia. |
| 1º-EFB6.2.3 - Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. |
| 1º-EFB6.3.1 - Realiza actividades no medio natural. |
| 1º-EFB6.3.2 - Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro. |

# 7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

- ## INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

- INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

# 8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- Periodicidade coa que se revisará.

A programación didáctica é un documento aberto que se irá revisando a medida que se vaia atopando a necesidade. Se irá reestruturando se é preciso a temporalización das actividades ou a idoneidade das mesmas.

- Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.

Prestarase atención a que contidos propios do curso será preciso ampliar ou practicar máis e cales se deberán seguir traballando no seguinte.

- Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Durante o curso iranse deseñando actividades de xeito que se traballen aqueles estándares que se consideren máis necesarios na globalidade da etapa de Primaria ou que se detecte que presentan unha maior dificultade na súa consecución. A temporalización terá que ser reaxustada neses casos.

Indicadores:

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

# 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

| **Medidas ordinarias** | |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |
| • **Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.**<br><br>**a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.**<br>**b) Espazos diferenciados.**<br>**c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.**<br><br>Cada alumno/a dispoñerá da súa zona de traballo e os tempos serán axustables (actividades de ampliación ou reforzo) sobre todo para o alumnado TDAH.<br>Adecuarase o material de ser preciso co alumnado TEA.<br>• **Desdobramento de grupos.**<br><br>• **Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.** | • **Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.**<br><br>As tarefas propostas adáptanse de xeito xeral ó alumnado debido a súa variación é o incluír distintas actividades a realizar dentro de cada proxecto.<br>• **Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.**<br><br>O tempo de traballo variará entre cada neno/a, de aí nace a necesidade da variedade nos instrumentos de avaliación.<br>• **Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.** |

| | |
|---|---|
| Contarase co apoio do profesorado de PT e AL na aula. | • **Programa específico para alumnado repetidor da materia.**<br><br>Deseñarase de ser o caso.<br><br>• **Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia**. |

| **Medidas extraordinarias** | |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |
| • **Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.**<br><br>• **De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).**<br><br>• **De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).**<br><br>• **Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.** | • **Adaptacións curriculares na materia.**<br><br>• **De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.**<br><br>• **Alumnado con flexibilización na escolarización.**<br><br>• **Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.** |

## 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraordinarias relacionadas coa área aparecen recollidas no apartado correspondente da PXA.